

SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

DATOS IDENTIFICATIVOS DA PERSOA INTERESADA (titular da conta)

nome e apelidos ou razón social	documento de identidade		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
endereço postal para notificacións	localidade		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		
código postal	municipio	provincia	país
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
correo electrónico para notificacións electrónicas	teléfono		
<input type="text"/>	<input type="text"/>		

REPRESENTANTE (persoa que presenta esta solicitude no nome da titular, de ser o caso)

nome e apelidos ou razón social	documento de identidade
<input type="text"/>	<input type="text"/>
actuando en calidade de (tipo de representación, que deberá ser acreditada)	<input type="text"/>
correo electrónico para notificacións electrónicas	teléfono
<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOTIFICACIÓN

Notificar a: Persoa interesada Representante

Canle de notificación: Electrónica Postal só persoas físicas non obrigadas (art 14.2 Lei 39/2015)

As notificacións electrónicas practícaranse a través do portal [Notific@ \(notifica.xunta.gal\)](mailto:Notific@notifica.xunta.gal). Para poder acceder ao contido das notificacións electrónicas precisa-se dun certificado dixital, DNI electrónico ou Chave365. Ao solicitar a notificación electrónica, a persoa solicitante ou a representante acepta ser subscrita de forma automática aos servizos de notificación do Concello de Rianxo a través da dita plataforma. Máis información en concelloderianxo.gal/notifica.

TITULAR DO RECIBO (no caso de que a persoa solicitante non sexa o titular do recibo)

Nome e apelidos ou razón social	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>

RECIBOS A DOMICILIAR

Imposto sobre bens inmobles urbanos: indicar referencias catastrais (20 díxitos) e ubicación

Imposto sobre bens inmobles rústicos: indicar as unidades fiscais rústicas (8 díxitos) e ubicación

SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

Impostos sobre vehículos de tracción mecánica: Indicar as matriculas dos vehículos

Taxa sobre a recollida de lixo: indicar as referencias catastrais dos inmobles (20 dixitos)

Taxa sobre vaos: indicar os números de vao

Outros (indicar tributo e obxecto tributario)

Todos os tributos (riscar si procede)

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR

- Copia do DNI/NIF da persoa interesada (titular da conta)
- Acreditación de representación e copia do NIF
- Certificado do IBAN titularidade da persoa interesada
- Documentación acreditativa da condición de suxeito pasivo (recibos sen actualizar no censo tributario a alteración de suxeito pasivo, pex, compra)

A Administración poderá requirir a achega de documentación complementaria de considerarse necesaria.

DATOS BANCARIOS DA DOMICILIACIÓN

Nome e apelidos ou razón social da persoa TITULAR DA CONTA

NIF

IBAN

SINATURA

Titular da conta ou representante

Titular do recibo (asinar só se diferente da persoa titular da conta)

SOLICITUDE DE DOMICILIACIÓN DE RECIBOS

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Interesado/a: é a persoa titular da conta consignada para a domiciliación. No caso de que a conta teña disposición mancomunada, a solicitude deberá ir asinada por todas as persoas, aportando NIF de cada unha delas.

Representante: A representación poderá acreditarse mediante cualquier medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna da súa existencia. No caso de persoas físicas a representación poderá acreditarse mediante o FORMULARIO DE REPRESENTACIÓN aprobado para tal efecto polo Concello de Rianxo.

Titular do recibo: no suposto de que a persoa titular da conta e a persoa titular do recibo non sexan coincidentes, deberase cubrir este apartado para os efectos da identificación dos recibos cuxa domiciliación se solicita. Ademais, o formulario de solicitude de domiciliación debe ser asinado polo titular da conta, e polo titular do recibo si non coincide co titular da conta. No caso de que o recibo figure a nome dunha herdanza xacente ou de "herdeiros de", a sinatura do formulario, no apartado "titular do recibo", a efectuará o representante da herdanza. Nestes supostos, a Administración poderá requirir para que se achegue documentación acreditativa do cambio de titularidade dun inmovible, de ser o caso.

Recibos a domiciliar: Indicarase a identificación do obxecto tributario nos termos que consta na solicitude. A domiciliación afecta exclusivamente aos conceptos e obxectos tributarios descritos nela, polo que en ningún caso suporá que se teña solicitada a domiciliación doutros pertencentes ao obrigado.

INFORMACIÓN

As domiciliacións terán unha validez por tempo indefinido, en tanto non sexan anuladas pola persoa interesada, rexeitadas pola entidade de depósito ou a Administración dispoña expresamente a súa invalidez por razóns xustificadas.

O obrigado ao pago será titular da conta en que domicilie o pago e dita conta estará aberta nunha entidade de crédito. O pago poderá domiciliarse nunha conta que non sexa de titularidade do obrigado, sempre que o titular de dita conta autorice a domiciliación mediante a sinatura do formulario.

A orde de domiciliación xurdirá efectos no exercicio corrente, sempre que se presente ata con dous meses de anterioridade ao comezo do período de recadación voluntaria. Calquera solicitude presentada fóra do dito prazo xurdirá efectos no período impositivo seguinte.

O concello reservarase a facultade de deixar se efecto as ordes de domiciliacións bancarias ante a acumulación de recibos devoltos. O cambio de titular no recibo deixará sen efecto a domiciliación.

NORMATIVA REGULADORA

- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT).
- Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o regulamento xeral de recadación.
- RD 1065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e desenvolvemento das normas comúns e dos procedementos de xestión e inspección tributaria e desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.
- Ordenanza fiscal reguladora da aplicación de tributos e ingresos de dereito público do Concello de Rianxo.

PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Rianxo é o Responsable do tratamento dos seus datos persoais e infórmalle que estes datos serán tratados de conformidade co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril (GDPR), e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro (LOPDGDD), coa finalidade de dar cumprimento á súa solicitude (baseado nunha obriga legal, artigo 6.1.c RGPD) e non conservalos durante máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia.

Non se comunicarán os datos a terceiros, agás obriga legal. Así mesmo, infórmalle de que pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose a Concello de Rianxo en PZ CASTELAO, 1 - 15920 RIANXO (A Coruña). Correo electrónico: dpd@concelloderianxo.gal e o de reclamación a www.aepd.es.

Datos de contacto do delegado de protección de datos: dpd@concelloderianxo.gal)